

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 25 DE XUÑO DE 2.020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 25 de xuño de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García, D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; D^a Carmen Acacio López, D. Xabier Molinos Campos e D. Xosé Ferreiro Fernández, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

D^a Tania Díaz Seijas; D^a María Begoña Seco Varela e D^a Elvira Lombao Vila excusan a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Ponse de manifesto a acta da sesión plenaria celebrada o día 15 de xuño de 2020.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

Ponse de manifesto a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos, consistente na incorporación das seguintes inscricións:

PORCIÓN VIAL Nº 194

BULLAS

NOME: PORCIÓN VIAL EN BULLAS – ARCOS.

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ARCOS

Núcleo/lugar: BULLAS

Lindeiros: Norte, leste e oeste, dominio público viario; sur; finca matriz e parcela 325 do polígono 106.

SUPERFICIE 732,80 m²



CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 8 de maio de 2.018

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca: 11285, Folio 128, Tomo 1158; Libro 102

PORCIÓN VIAL Nº 195

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BOUZAS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: Norte, camiño de Mosteiro, Sur, coa finca matriz, Leste, coa parcela 10065 e ao Oeste, José Hortas.

SUPERFICIE: 351 m

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 10 de xunio de 2020.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: non consta

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación da proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG:

3.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura en viva voz dos seguintes rogos e preguntas, expostos por orde de presentación:

Dona M^a del Carmen Acacio López, nas súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a presentar aos órganos de goberno a seguinte PREGUNTA:



1- No pasado Pleno Extraordinario do 9 de marzo pode reproducir na páxina web deste C declaración referida á oposición na que afirmaba que da Xunta nos tempos do bipartito entre o PSdeG dos seus concejales”. Pouco despois, no minuto 24:44 do mesmo vídeo, afirma o Sr. Alcalde que “o único que fixeron (A chamada Xunta do bipartito) foron dous camiños de cada un e cada un iba a casa dun concejal de ustedes

Sr. Pardo: O noso grupo desexa que aclare os enunciados deses dous momentos do vídeo e os concrete explicando que aconteceu, quen saíu beneficiado, onde se levaron a cabo esas accións e cando afirma vostede que estes feitos aconteceron xa que, se fose dunha extrema gravidade.

Polo contrario, se vostede pensa que cometeu un erro e dixo algo que non se axusta á verdade, pregámoslle que pida perdon aos compañeiros da oposición de anteriores lexislaturas.

O Alcalde resposta que, coma xa dixo en anteriores ocasións, entre as poucas obras que fixeron as Administracións gobernadas polo PsdG-PSOE e máis o BNG neste termo municipal, hai dos camiños que levan as casas de concelleiros da oposición. Un deles é unha ponte, pero por riba dela transcurre un camiño. É unha realidade obvia.

Neste intre non pretende identificar nominativamente os concelleiros, pero si insiste a concelleira do PsdG-PSOE, o fará.

Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía as seguintes

PREGUNTAS REFERIDAS ÁS CANTIDADES PAGADAS POLO CONCELLO DE OUTEIRO EN COSTAS XUDICIAIS DEBIDO AOS XUÍZOS PERDIDOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos tempos son moitas as noticias aparecidas de xuízos perdidos polo concello de Outeiro de Rei sobre denuncias de veciños e veciñas non conformes coas decisións que se toman dende o concello.

Ademais disto, a maioría destes xuízos levan consigo o pago de costas xudiciais que supón un importante gasto para o concello e que temos que pagar entre toda a veciñanza do concello, gasto incrementado de forma moi importante polas propias facturas dos avogados externos contratados polo concello, a pesares de que a Deputación ofrece este servizo de forma gratuíta.

Dende o BNG cremos que as persoas que pagan os impostos que sufragan estas facturas e costas xudiciais teñen o dereito de saber canto se paga e, ademais, dada esta cantidade de xuízos perdidos, tamén deben coñecer os criterios do alcalde para escoller “a dedo” o bufete externo que representa os intereses do concello.

É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde das seguintes PREGUNTAS:

- Canto pagou o concello de Outeiro en costas xudiciais debido aos casos xudiciais perdidos?.

- Que criterios segue o señor alcalde para escoller por adjudicación directa e sen concurso aos avogados externos que van defender os intereses do concello cando este é denunciado?



O Alcalde resposta que a selección dos profesionais faise en base á criterios de experiencia e capacitación demostradas, o que non garantiza que se gañen tódolos xuízos.

Tamén indica que este Concello, coma tódalas Administracións, está suxeita ao control xudicial e, polo tanto, ten certa actividade xudicial.

Agora ben, tanto a actividade administrativa coma a defensa xudicial faise sempre dende a creenza de que se actúa con conformidade estricta a Dereito e cos correspondentes informes, o que non quere dicir que sempre que se enxuíza a actividade administrativa se lle dé a razón ao Concello. Isto é así porque as normas moitas veces son susceptibles de diversas interpretacións e a súa aplicación non é un proceso automático.

No que atinxe á pregunta sobor ás contías das custas xudiciais, se respostará no seguinte pleno, xa que esta pregunta presentouse esta mesma mañá e non deu tempo a acadar esta información.

Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte

ROGO REFERIDO AO ARRANXO DO “LAVADOIRO DA FONTE” NA PARROQUIA DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das facetas onde mellor se percibe o tipo de xestión que leva a cabo o Concello de Outeiro de Rei é todo o que ten que ver coa limpeza, tanto no referente á limpeza de cunetas, desbroce de pistas, estado da limpeza das beirarrúas nas zonas urbanas do Concello como das zonas dotacionais.

A conservación destas últimas debe ser unha prioridade para calquera administración municipal no ámbito das súas competencias. Todas e todos pagamos por ter un Concello limpo e ben coidado.

Pois ben, o coñecido como “Lavadoiro da Fonte”, na parroquia de Outeiro de Rei, a pouca distancia desta casa consistorial, atópase, desde un tempo para aquí, nun estado lamentábel; xa é practicamente imposible acceder a el pola maleza que medrou no seu interior, ten graffittis nas súas paredes, no seu teito xa aparecen desprendementos.

Esta falta de coidados, de limpeza e mantemento afecta directamente á veciñanza, pero tamén aos transeúntes que desta forma transmiten unha imaxe negativa do noso concello.

É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:

Que o “Lavadoiro da Fonte” sexa amañado o antes posíbel para evitar accidentes non desexados e, ao mesmo tempo, proceder á limpeza e adecentamento do mesmo e da contorna.

O Alcalde afirma que o lavadoiro limparase nos vindeiros días e que o Concello xa está a traballar a reo na limpeza dos innumerables espazos públicos e camiños e estradas das parroquias do Concello, coma xa se ben facendo dende fai anos e a pesares de que este será un ano con graves dificultades económicas.

Recorda as actuacións que ven realizando o concello dende fai anos, coma é o caso da difusión dos planos nos que se cartografían as fanxas de xestión da biomasa para



facilitar o cumprimento das súas obrigas polos veciños e de especial importancia para reforzar a prevención e a seguridade fronte aos lumes.

Tamén informa que as labores de limpeza deben realizarse no seu tempo, xa que si se fai antes de tempo a maleza medra e non serve para nada. Este é o tempo idóneo para facer as labores de xestión e por iso xa se escomezaron. De feito, imos por diante de moitas Administracións neste asunto, incluso daquelas de meirande capacidade económica.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as 13:30 minutos, e da que eu, Secretario, extendo e asino o presente acta co visto e praxe do Alcalde.

Asdo.: O Secretario

VºPº; O Alcalde

